



MARÍA LUCINDA REY ESCRIBANO

ALCOHÓLICA REHABILITADA

"Deformo a realidade para xustificar a miña maneira de beber até perder a conciencia".

"Aínda que nacín alcohólica non bebín sempre".

Son filla de nai malagueña e pai muxián, emprendedora e alcohólica rehabilitada. Pertencín a varios consellos de administración e, con vinte e seis anos, tiña unha axencia de publicidade con máis de dez empregados. Era unha muller de éxito que bebía dunha maneira moi social, sen extra-limitarme co alcohol na maioría das miñas saídas. Co paso dos anos asedioume un inferno de sombras e a miña vida converteuse nunha trama chea de culpables e medos incontrolables que necesitaban ser saciados co alcohol.

A miña familia, no seu afán de rescatarme desesa espiral, buscou desesperadamente por internet un lugar onde puidesen facerme comprender que tiña un grave problema coa miña maneira de beber e, en plenas datas de Nadal, leváronme a 24 horas Alcohólicos Anónimos.

Levaba dous meses indo ao grupo de 24 horas Alcohólicos Anónimos sen ter moi claro que fose alcohólica, até que un día de febreiro saín cansada dun traballo que non me gustaba, un xefe que non soportaba e sen poder coa vida. Funme a un bar de praia onde non me puidese atopar con ningún dos meus compañeiros de grupo e alí, para demostrarme a min mesma que eu non era como os demais que asistían a aquelas reunións, tomei dúas cervexas que, Oh Deus!, soubéronme a gloria. Pero tiña que demostrar que «Eu» podía parar, así que marchei para casa de meus pais, non sen antes facer o ridículo cunha parella de turistas, extra-limitándome con eles.

Consciente de que se me subira o alcohol e de que meus pais

podían darse conta, entrei na casa e funme dereita á miña habitación para deitarme. De camiño, ao pasar pola cociña, botei unha mirada cara a un recuncho onde estaba agochada unha botella de augardente (miña nai no seu intento de coidarme agochaba a bebida) e rapidamente pensei: “se te tomas un chopo igual te lanzas”, así que me deitei.

Non imaxinaba o que ía suceder... ao levantarme pola mañá, tiña unha resaca do quince, parecíame increíble que con tan só dúas cervexas tivese semellante resacón. Foi miña nai ao chegar á cociña a que me dixo: “non sei que viñeches facer onte á cociña unha vez que nos deitamos teu pai mais eu”. Non me acordaba diso, perplexa, cando me deixou soa comprobei tristemente que a botella agochada de augardente estaba baleira, bebéera e nin me lembraba.

E así sentín por primeira vez que probablemente levaban razón os que dicían que tiña un problema co alcohol.

Nunca souben, até que cheguei ao grupo, por que non podía parar de beber e estar alegre sen necesidade de estar bébeda e con tantas lagoas mentais. Aínda así, eu non quería deixar de beber, o meu obxectivo principal era que me ensinasen a non emborracharme, «pobre ilusa!». Outra mentira que me contaba.

E foi no grupo, despois de varios meses, cando escoitei a un compañeiro dicir «a primeira é a que nos leva a eses momentos de dor e escuridade, á borracheira». Recordo o que me fixo sentir esa mensaxe, a palabra é esperanza,

AYÚDATE QUE TE AYUDARÉ

María Lucinda Rey Escribano



pódese deixar de beber, pensei.

A enfermidade é progresiva, empezas bebendo pouco e sen darte conta un día pásaste, quítaslle importancia, xustifícalo con que é fin de ano, San Xoán, uns aniversarios, un partido de fútbol gañado e segues engadindo datas ou motivos que xustifiquen esa maneira de beber sen límites, coma se fose normal rematar borracha cada vez que festexas algo.

En realidade eu non quería deixar de beber, o único que quería era aprender a non emborracharme, a saber parar, a non volver á casa e espertarme angustiada porque non lembraba como chegara, cunha chea de lagoas, de medos, de vergoñas e preguntas sen resposta. Con quen estiven? Que dixen? Que fixen?

Afortunadamente hoxe vivo noutro mundo, no que tento cada día situarme na miña realidade, que só por hoxe e mirando cara atrás, podo dicir no canto do mellor está por chegar, calquera tempo pasado foi peor.